

Á luz do día, nalgún lugar do mundo, a algunha muller

As doentes sempre minten.

Nunha casa branca, nalgún lugar do mundo, Elena ten a súa consulta de psicoloxía. Ese día, recibe a chamada de Lilíth, advertíndolle sobre a dificultade da vindeira sesión, máis ela non ten medo.

Cando chega a doente, Elena sabe que terá que usar todas as súas armas para poder mergullarse na mente de Leticia. A doente desconfía de Elena dende o primeiro momento e do seu protocolo. Elena é consciente e muda a estratexia. Ao longo da sesión irá transformándose no que Leticia demande. Mudará en confidente, en amiga, en nai, en xuíz e en vítima. Bailará ao son que marque Leticia. Xogará ao xogo segundo as súas regras. Fará todo o que sexa para que a muller confese os seus pecados e así xuntas as dúas, da man, cumprir a penitencia.

Serea Teatro

Dirección e dramaturxía: Noelia Papín

Elenco: Gemma do Carmo (Elena), Noelia Papín (Leticia)

Produción: Serea Teatro

Escenografía, vestuario e maquillaxe: Serea Teatro

Espazo sonoro e iluminación: José Manuel Alonso Casabona

Foto cartel: Edu Pereira

Colaboración: Concello de Ames

Contacto: noelia@serea.pro

Serea Teatro está comprometida coa protección e o desenrolo da biodiversidade a través da xestión responsable e sostible dos recursos naturais. Este compromiso reflectese na estratexia completa da actividade artística. Priorizando políticas de Redución, Reciclaxe, e Reutilización dos recursos en tódolos procesos de creación das pezas e da súa execución final.

Vestuario e escenografía son pezas recicladas e/ou de segunda man co fin de facer consumo respectuoso e responsable dos recursos finitos do planeta.